

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2023

Para unha historia do rosalianismo: Rosalía de Castro en Italia

Aurora López
Andrés Pociña

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Para unha historia do rosalianismo: Rosalía de Castro en Italia

PALABRAS CHAVE

Rosalía de Castro
Italia
Estudios
Edicións

RESUMO

Na mesma liña de investigacións publicadas anteriormente pola autora e polo autor, este estudo recolle e comenta todos os textos, sexan reseñas, artigos ou libros, que tratan sobre aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro, publicados en Italia por investigadoras e investigadores italianos, dende o mesmo ano da morte da poeta galega, 1885, ata o ano actual, 2023.

KEYWORDS

Rosalía de Castro
Italy
Studies
Editions

ABSTRACT

Following the authors' research lines, this paper collects all the texts, including reviews, articles or books, published in Italy by Italian researchers, related to Rosalía de Castro from 1885 to 2023.

Aurora López
Universidad de Granada
auroral@ugr.es

ARTIGO

Andrés Pociña
Universidad de Granada
apocina@ugr.es

1. Rosalía en Italia, onde xamais estivo

A idea de dedicar un estudo á presenza de Rosalía de Castro en Italia non pertence orixinalmente á autora e ao autor deste artigo: Ricardo Carballo Calero, unha autoridade nos estudos de literatura galega que podemos dicir absolutamente imprescindible en toda investigación sobre a nosa poeta, no seu libro *Estudos rosalianos* (1979), titulaba os capítulos 22 e 23 coa premisa “Rosalía en Italia”^[1], ocupándose dos temas que serán obxecto dos apartados segundo e terceiro destas páxinas nosas; o primeiro deles aparecera xa en 1959^[2]; e no ano 1985, no Congreso conmemorativo do centenario da morte de Rosalía, a profesora da Universidade de Perugia Giovanna Scalia presentaba unha valiosísima contribución, titulada “La presencia de Rosalía de Castro en la crítica italiana”^[3], cun contido exhaustivo ata o ano 1979, que aínda segue a ser indispensable no momento presente, e ao que debe verdadeiramente moito este traballo que agora presentamos nós.

[1] Carballo Calero (1979), pp. 166-173.

[2] Carballo Calero (1959).

[3] Scalia (1986).

De modo absolutamente inesperado, cando este traballo xa estaba disposto para marchar a Padrón, con destino ao volume 8 da revista *Follas Novas*, chegou por fortuna ás nosas mans o estudo da Profesora de Literatura Española da Universidade de Palermo Assunta Polizzi, titulado “Traducción y recepción: Rosalía de Castro en Italia”^[4], con magníficas e sorprendentes achegas aos aspectos xa tratados por nós, que, por razóns do prazo de ir ao prelo a revista, nos aconsellaron deixalos como estaban engadindo soamente algunhas notas, de modo que este artigo noso pode exemplificar moi ben o feito de que o rosalianismo segue sempre vivo e ningún traballo pode darse nunca por rematado.

Rosalía de Castro xamais estivo en Italia. Que saibamos, as súas viaxes nunca foron máis alá dos confins do que é na actualidade o territorio do Estado español, e mesmo parece non ter estado na veciña Portugal, terra que ela amaba moito^[5]. Emporiso, nos seus anceios culturais sen límites, confesaba canto botaba de menos non coñecer a Italia antiga, ao principio da novela *Ruínas*:

No voy a hablar de las ruinas de Roma, que no he visto, y quisiera ver, ni de las de Pompeya o Herculano, con que he soñado muchas veces, vengándose así mi imaginación de la mala suerte que no me ha permitido contemplarlas realmente.

Pero aunque así no fuera, ¿qué iría yo a decir sobre esos antiguos y magestuosos restos, después que nos los han descrito con el lenguaje de la más bella poesía tantos genios ilustres?

También existen ruinas vivientes que arrastran en pos de sí un mundo de gloriosos y tristes recuerdos y que aparecen tan aisladas en medio de los hombres nuevos como si bogasen sobre las olas misteriosas de mares desconocidos, o habitasen en medio de los yermos de la Tebaida^[6].

Como imos ver, Italia si coñece e estima a Rosalía e as súas obras, a verdade é que quizais non moito, non tanto como ela merecería e tanto como nos quixéramos, pero dende logo con notas que resultan moi curiosas e moi significativas na historia universal do rosalianismo.

2. A primeira reseña estranxeira dunha obra de Rosalía

En 1959 o profesor Ricardo Carballo Calero publica por primeira vez^[7] o seu importantísimo artículo “Rosalía en Italia. Un texto crítico de 1885”. Comenza recordan-

[4] Polizzi (2020)).

[5] López - Pociña (2018).

[6] Castro (1928).

[7] Carballo Calero (1959)-

do as verbas en que Manuel Murguía afirma que, o mesmo día da morte da poeta, recibíuse na casa da Matanza unha notable presentación e crítica de *En las orillas del Sar*, publicada en Florencia en *La Rassegna Nazionale*^[8]. Sinalaba Carballo que varias veces se fixera referencia a este texto, pero sen telo consultado na realidade, coa excepción de Augusto Cortina^[9], como proba o feito de indicar este autor, por primeira vez, as siglas do responsable da reseña italiana, ademais de concretar o tomo e as páxinas da revista onde aparecera.

Despois de indicar que nunca foi identificado a quen correspondían as siglas S. P. M., Carballo copia o texto italiano orixinal, que loxicamente imos reproducir unha vez máis aquí, pois ten o mérito incuestionable de ser a primeira reseña dunha obra de Rosalía feira no estranxeiro e nunha lingua estranxeira:

Il nome di Murguía è noto e simpático nella letteratura contemporanea spagnola, e il volume di poesie, di cui diamo un rapido cenno, sono un frutto più aggiunto dalla gentile consorte di lui, ai molti che questa famiglia di cultori delle Muse há già regalato alla pátria. L'egregia signora Rosalía de Castro è nativa della Galizia e alla terra natia, seguendo le orme letterarie del marito, consacra il cuore e l'ingegno. Ritiratasi con la famiglia dall'agitazioni partigiane delle grandi città, essa vive nella sua Galizia e innamorata della verde bellezza dei boschi, della tranquillità delle onde e dello splendore del sole, della attività marinaresca dei suoi compaesani, seduta lungo le sponde del suo Sar, límpido e pacifico fiumicello, si riposa nel ricordo del passato che come un essere caro le richiama alla memoria dolori e gioie; descrive le tempeste del suo mare, altre volte canta la chiesuola da essa sempre amata, che vede tra i folti castagni, e sente di nuovo lo squiliare della campana che foriera dall'alba la risvegliava al mattino per ammirare lo spettacolo della rosea luce e dell'aer puro, trasparente. I versi della signora Rosalía sono dettati da quel gentile culto della natura che la donna di nobile aspirazioni sente in modo tutto speciale: sono versi che sprigionati dal cuore, forse appresso dal disinganno, della tristezza del tempo passato, vanno direttamente al cuore di chi legge e vi accendono la sacra fiamma dei nobili affetti per Dio, per la Patria, per la famiglia, ridonando il conforto delle speranza eterne. Vorremmo riferire alcune strofe della signora Castro: vorremmo che qualche gentildonna italiana ce ne regalasse una traduzione, perchè solo una donna può dignamente interpretare così elevata poesia. Noi dobbiamo:contentarci di riferire vestiti in prosa moderna alcuni versi e scegliamo quelli della canzone alla luna: "Tu tramonti e vai ad illuminare un'altra terra più felice che la nostra, ma di questa nè più feconda nè più bella, poichè non v'há l'eguale. Iddio non creò una pátria più incantevole della mia per splendore di luce, per suavità di pro-

[8] S. P. M., "En las orillas del Sar (Sulle rive del Sar). Poesías de Rosalía de Castro de Murguía, Madrid, 1884", *La Rassegna Nazionale*, XXIV, VJJ, Firenze, pp.207 ss.

[9] Cortina 1930.

fumi, benchè per dote di sua bellezza le dié in cambio la sventura. Addio, viaggiatrice senza riposo; addio, al tuo ritorno di questi regione dove il celta vigoroso t'inalzò le sue preci, apporta teco per noi, invece di lacrime, l'abbondanza dei raccolti, la pace degli animi e riconduci gli assenti e i naviganti agli amplessi della famiglia”.

Quest' è il voto che noi facciamo, anche noi, per la prosperità della Galizia di cui c'innamorano i versi della signora Rosalía de Castro. S.P.M.^[10]

No comentario de Carballo Calero, moi clarificador para unha lectura da reseña italiana que estamos a estudar, confirmado ademais polas conxecturas de Giovanna Scalia, que revisou o texto da reseña na Biblioteca Nacional de Florencia^[11], queda perfectamente sinalada a importancia deste texto na historia do rosalianismo, no dobre aspecto de tratarse da primeira opinión sobre unha obra de Rosalía nunha lingua estranxeira, e ademais conter a primeira tradución tamén de versos seus, en concreto do poema “A la luna”, de *En las orillas del Sar*, ao italiano. Cando revisamos agora a presenza de Rosalía en Italia, dános a impresión de como si o futuro italiano da nosa poeta estivese xa preludiado na reseña florentina de 1885, chegada á súa casa o día da súa morte, pois veremos que se centrou, ata os nosos tempos, por riba de todo na súa poesía en español.

No ano 2020, a profesora Assunta Polizzi^[12] conxectura, de modo ben fundamentado, que as iniciais do autor da reseña poden corresponder ao marqués Paris Maria Salgado (1831-1899), como habemos ver no lugar correspondente, e presta atención fundamental á tradución de “A la luna”, que segue considerándose a primeira versión dun fragmento de Rosalía ao italiano ou a calquera lingua.

3. O libro italiano sobre Rosalía perdido

O primeiro libro italiano que trataba conxuntamente a poesía de Gustavo Adolfo Bécquer e Rosalía de Castro, relación con frecuencia comentada na crítica italiana, foi obxecto dunha historia moi curiosa: trátase da obra de Pilade Mazzei, *Due anime dolenti: Bécquer e Rosalía* (Milano, 1936), un volume totalmente inexistente, do que temos noticia grazas a un artigo publicado por Ricardo Carballo Calero, no xornal *Faro de Vigo*, do 15 de febreiro de 1963^[13]. Segundo lemos alí, o gran rosalianista foi a única persoa que tivo a posibilidade de ler tan interesante obra, que contiña nada menos que cuarenta e cinco páxinas dedicadas a Rosalía, que opina que “supoñen un

[10] Texto en Carballo Calero 1959, pp. 352-353; Carballo Calero 1979, pp. 160-170; López e Pociña 1991, I pp. 243-244; Scalia 1986, pp. 283-284.

[11] Scalia 1986, p. 283, nota.

[12] Polizzi (2020), p. 255 ss.

[13] Carballo Calero 1979, pp. 171-173.

fito na historia dos estudos rosaliáns”. Por ser o artigo do profesor Carballo a única referencia ao libro de Mazzei, sobre o que nós fixemos moitas xestións para atopalo, sen resultado positivo, imos reproducir o texto completo, pois dalgún xeito pode suplir, sen dúbida moi parcialmente, a súa perda, sendo como tivo que ser un documento importante na historia do rosalianismo.

O profesor Pilade Mazzei é coñecido dos lectores de fala castelá polo seu *Estudio histórico-crítico de la literatura italiana*, publicado en Barcelona, pola editorial Bosch, en 1941. En 1936 imprentárase en Milán o seu libro *Due anime dolenti: Bécquer e Rosalía*. A historia deste libro é curiosa. O editor entregou ao autor un exemplar, e os demais, por singulares vicisitudes da guerra, segundo se me ten informado, estraviáronse ou perdéronse, de modo que practicamente a edición ficou reducida a un exemplar único, o que posee o autor, quen ignora totalmente o paradeiro dos restantes.

Tendo noticia o profesor Mazzei do meu interés pola bibliografía rosaliana, non vacilou en se desprender temporalmente daquel volume, Fénix da súa especie, e confíarmos para que o coñecese: magnífico exemplo de colaboración científica do que non poucos moito poderían aprender.

Cuarenta e cinco páxinas, en 1936, adicadas, nun idioma estranxeiro, á interpretación da poesía de Rosalía de Castro, supoñen un fito na historia dos estudos rosaliáns. O profesor Mazzei ocupa, pois, un posto relevante na historiografía rosaliana. Pero ademais, o libro contén a maior suma de poemas rosaliáns traducidos astra entón a unha lingua non hispánica, polo que o volume acrecenta o seu interés, a súa importancia e a súa sigularidade.

Alguén tivo noticia desta obra. Outros repetiron a cita. Mais non creo que ningún chegara a ver o testo, tanto máis canto que por entón o profesor Mazzei residía en Eritrea, e era máis difícil, polo tanto, que hoxe, establecer contacto con el. Pois foi unha vez que regresou a Italia, cando, condescendendo ao espontáneo rogo dun amigo común, me obsequiou co espresado envío.

Mazzei manifesta que non é de estrañar o descoñecimento que –por aquelas datas– aqueixaba aos italiáns verbo da obra de Rosalía, se se considera que na mesma España falta o seu nome en libros como o de Hurtado e González Palencia. Un hispanista como Jean Cassou tampouco dá mostras de coñecer a existencia da nosa grande escritora. Mazzei quer rendirlle a debida homenaxe ao achegarse o centenario do seu nacemento.

Caracteriza a Rosalía, poeta sobre a tumba do cal rende a súa bandeira o romantismo español, a profunda identificación coa natureza. Supera nesto a Espronceda e a Bécquer, nos que se non dá esa perfecta comunión. Mentras que, apenas tomamos na man a poesía de Rosalía, sentimos que alma e natureza viven un único drama, que a alma considera o universo como seu, encarnándose nel completa e íntimamente.

Así, a dor cósmica constitúe a esencia da poesía rosaliana. Fundida coa natureza, a

alma da poetisa identifícase coa alma do mundo. E ao se enfrentar con ela, enfréntase consigo mesma. De aquí a súa soedade. Estamos no estado definitivo da soedade da alma consigo mesma. Éstas son exactamente as verbas do profesor Mazzei

Qué importante sexa esta interpretación, móstrao o feito de que a renovación da comprensión da obra rosaliana, iniciada en 1952 no volume *7 ensayos sobre Rosalía*, se centra sobor desa mesma idea. Rosalía é a poeta da saudade, e a saudade é o sentimento de soedade do ser. Con diversos matices, tres, polo menos, dos ensaístas aludidos, fan desta tese a base dos seus estudos. Ningún dos tres coñecía entón o traballo do humanista italián, e aínda actualmente só un deles o coñece. Mais o lector terá observado que con respecto aos mesmos, o profesor Mazzei foi, indubidábelmente, un verdadeiro precursor.

Nunca un estranxeiro –e poucas veces un español- acadara unha visión tan verdadeira e tan profunda do valor esencial da poesía de Rosalía, que non é, en realidade, segundo o seu traductor, a estranxeira na súa patria galega, senón a estranxeira no mundo.

A investigación non debe deterse xamais: despois de moitos anos tendo a aparente seguridade de que o libro de Pilade Mazzei estaba irremisiblemente perdido, velaí que en 2020 a profesora de Literatura española da Universidade de Palermo Assunta Polizzi publica un artigo no que, sen ningún problema, ocúpase deste libro, que realmente consultou, pois mesmo inclúe citas directas de parágrafos do libro de Mazzei, coa indicación exacta das páxinas. Por esta razón, na nosa bibliografía deste artigo hai dúas entradas para o libro de Mazzei, a tradicional, que tomamos de Carballo Calero, e a dada por Assunta Polizzi^[14], correspondendo as dúas ao mesmo ano 1936; cando cheguemos á súa análise, copiaremos todo o texto desta investigadora, como fixemos co de Carballo Calero, pero pendentes de procurar o libro ata agora “perdido” e tratalo como é debido, pois de momento non podemos deter por máis tempo a entrega deste texto noso á revista *Follas Novas*.

4. Artigos italianos sobre Rosalía

A presenza de Rosalía na reseña de S. P. M. e a referencia ao libro perdido de Pilade Mazzei, así como os artigos dedicados en Italia á nosa poeta, foron estudados con exhaustividade e rigor nun traballo que presentou a hispanista da Universidade de Perugia Giovanna Scalia no ano 1985 no “Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo”. Foi naquela ocasión cando coñecemos a profesora Scalia, que ensinaba literatura española na súa universidade, dedicando especial atención aos estudos de poesía, das obras do século XIX maiormente, e aos temas

[14] Mazzei (1936 bis).

xacobeos, en publicacións colectivas, sobre as que ten colaborado con frecuencia. Unha muller totalmente xenerosa, xa durante o Congreso nos ofreceu o seu texto inédito, pois estabamos traballando daquela na recollida de material para os volumes da nosa *Bibliografía rosaliana*, e despois nos mandou parte do material que empregara como base do seu relatorio, mesmo antes de saír publicada nas Actas^[15]. Os moitos anos transcurridos dende o traballo de Scalia, e a aparición de novas publicacións sobre Rosalía, motivan esta nova achega que agora facemos, na que, por certo, seguimos contando coa colaboración, telefónica e informática, da nosa amiga de hai tantos anos, coa que mantemos unha estupenda relación constante. Saltando a orde cronolóxica, comezamos polo traballo da profesora de Perugia, e despois seguimos polos artigos contidos nel, advertindo que deben moito a presentación alí ofrecida.

Giovanna SCALIA, “La presencia de Rosalía de Castro en la crítica italiana”, *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Universidade, 1986, vol. III, pp. 283-291.

Francesco TENTORI, “Rosalía de Castro. Ricordi di Santiago”, *La Fiera Letteraria*, 15-XI-1953[16].

O 15 de novembro de 1953 publica a revista *La Fiera Letteraria* unha páxina completa que resulta ser unha auténtica homenaxe a Rosalía. Consta, como motivo central, dun breve artigo de Francesco Tentori, enmarcado por unha selección de poemas rosalianos, traducidos ao italiano e encabezados por dúas fotografías da poeta; os poemas escollidos corresponden na totalidade a versos galegos, todos eles de *Follas novas*, en concreto “Xa nin rencor nin desprezo”, “Mais ve que o meu corazón”, “Levaimo a aquela fonte cristalina”, “Maio longo..., maio longo”, “Este vaise e aquel vaise”, “¡Padrón! ... ¡Padrón!”, e ademais “Campanas de Bastabales”. Engádesa a estes poemas a versión italiana da “Canzone di culla per Rosalía de Castro, morta”, de Federico García Lorca, tamén en tradución ao italiano. E igualmente as “Poesie gaglioghe di Lorca”.

Por ser das primeiras veces que atopamos versos de *Follas novas* en italiano, copiamos aquí a versión de. “Este vaise e aquel vaise”:

Questi parte e quegli parte,
e tutti, tutti ti lasciano:
Galizia, senza uomini resti
che ti possan lavorare.

[15] Cf. López e Pociña III pp. 475-476.

[16] Scalia 1986, p. 286, López – Pociña 1991, II pp.178-179.

Invece hai orfani e orfane
 e campi di solitudine;
 e madri che non han figli
 e figli che non han padre.
 Ed hai cuori che soffrono
 lunghe, mortali assenze.
 Vedove di vivi e di morti
 che non conforta nessuno.

O texto de Tentori está moi axeitadamente resumido por Giovanna Scalia nestas verbas: “... se funde el nostálgico recuerdo de Santiago “lonxe do sol” con un apasionado juicio de la obra lírica rosaliana, en especial *Follas novas*: “Foglie della sua nostalgia”. Tentori también subraya la fusión entre el alma de la poetisa y su tierra, su sentimiento y el paisaje, la pasión por su pueblo y su cielo: “quel suo amore casto e bruciante al tempo stesso per la sua terra”, así como la íntima elegía de sus versos. Aún más hondamente, el autor ha penetrado la ternura dolorosa de esta poetisa delicada y fuerte, la incurable melancolía de vivir, que domina en sus líricas, la piedad por el sufrimiento, la pena por el dolor de la existencia, que es cantada con acentos apasionados e irrepitibles” (G. Scalia).

No artigo publicado en 2020 por Assunta Polizzi^[17] achamos algunhas precisións que nos axudan a coñecer un pouco mellor o autor deste traballo; o seu nome completo era Francesco Tentori Montalto, a súa vida transcorreu nos anos 1924-1995, e a profesora Polizzi explica a seu propósito: “El autor/traductor es un joven hispanista, el cual en el mismo año de su licenciatura, en 1946, con una tesis sobre la poesía española del siglo XX, viaja a España y visita largamente Galicia” (p. 260).

Mario PINNA, “Motivi della lirica di Rosalía de Castro”. *Quaderni iberoamericani* 3, 1957, pp. 321-332[18].

Nos anos 1957 e 1958 publícanse un artigo e unha edición rosalianos do profesor e porta en lingua sarda Mario Pinna, que sen dúbida representan dúas das máis importantes contribucións da filoloxía italiana ao coñecemento da poesía da nosa escritora. O traballo editado nos *Quaderni iberoamerican*, que despois complementábase moi ben cos comentarios contidos na “Introduzione” pouco posterior na edición bilingüe^[19] da que falaremos máis adiante, amosa dunha parte un coñecemento sorprendente por parte de Pinna das circunstancias históricas e literarias que rodean a creación das obras rosalianas, os problemas da súa recepción nos autores españois,

[17] Polizzi (2020), p. 260.

[18] Scalia (1986), pp. 286-288; López – Pociña (1991), II pp. 237-239.

[19] M. Pinna, en Castro (1958), pp. 9-24.

e doutra parte unha admiración fonda pola poesía, tanto en lingua castelá como galega, da poeta, baseada nun coñecemento sen límites da mesma, como demostra o estudioso italiano no seu libro antolóxico, o primeiro que se publicou en Italia. O tratamento por Pinna dos motivos líricos rosalianos aínda na actualidade segue a merecer unha lectura para comprender mellor a poesía rosaliana, sobre todo a dos libros *Follas novas* e *En las orillas del Sar*. Nós pensamos que se cadra non viría mal unha nova edición deste artigo de Pinna de 1957, e dende logo imos reproducir unha parte importante da súa presentación por Giovanna Scalia, coa que coincidimos na importancia deste traballo, sen esquecermos nunca que, ademáis de filólogo, cultivaba a poesía nunha lingua minoritaria, o sardo:

El Prof. Pinna expresa, pues, su juicio, confirmando que en el estudio de la obra rosaliana no se puede uno desviar de unos contenidos fijados apriorísticamente o separados del texto poético, sino que hay que captar ese espíritu íntimo de su lírica, con todas sus contradicciones y sus matices, ya que en éstas consiste su verdad substancial. Esto significa comprender plenamente la poesía rosaliana, como ésta sabe pasar sin duda alguna de la esfera de lo cotidiano al vértice de la vida del espíritu y su profundo acto de fe, que se identifica ante todo con el hecho mismo de hacer poesía y con su aportación de religiosidad, de visiones consoladoras, para alejar el pesimismo radical que vive en su alma, lo que ha sido llamado “el soplo asolador de la nada”.

A través del análisis de numerosas líricas sacadas de *Follas novas* y de *En las orillas del Sar*, el estudioso evidencia la temática esencial de la obra de la poetisa, poniendo de relieve cómo los rasgos de su lírica, reconocibles como comunes en otros poetas románticos, desde Espronceda a Bécquer, están marcados por una huella tan personal, y especialmente tan llena de dignidad y pudor, que no le permiten abandonarse al numen con demasiada facilidad. En Rosalía, “fina y sensitiva autora del dolor de vivir”, es fundamentalmente Galicia quien vive, una Galicia triste y trágica, donde están ya presentes esos elementos de “vaguedad”, de melancolía, de misterio y ese sentimiento digno de la muerte, que más tarde se desarrollarán de manera tan castiza en la obra de Valle-Inclán. El Prof. Pinna afirma después que uno de los poemas más patéticos y personales de la madurez de Rosalía es el de la “hostigada patria”, su Galicia, a la cual regresará siempre con amor más grande después de las tantas peregrinaciones a través de la península, que, sin duda, para ella significaron siempre una especie de “destierro” lejos de su tierra (G. Scalia).

Maria Teresa LANCIANI, “Lombra nera di Rosalía de Castro”, *Il Contemporaneo* 1961, pp. 288-300.

Achamos neste traballo de Lanciani un novo intento de divulgar o coñecemento da poesía de Rosalía, relegada ao esquecemento na crítica española do século XIX, ata a súa recuperación por Azorín, en *Clásicos y modernos*, que é comentada moi

positivamente en varios dos traballos italianos sobre Rosalía. A autora deste novo artigo, que en moitos aspectos recorda o xa comentado de Mario Pinna, presenta a característica de centrar o seu achegamento á poética de Rosalía por medio dunha lectura moito máis frecuente de versos de *Cantares gallegos*, obra que conmove profundamente a Maria Teresa Lanciani, que segue os seus contidos amosándoos en exemplos escollidos na súa lingua galega orixinal, pero tamén moitas veces traducidos á lingua italiana; Rosalía canta a Galicia, unha terra privilexiada por Deus, pero tremendamente asolada por unha terrible realidade que “si chiama miseria, spopolamento, emigrazione, tre aspetti del dramma che si svolge” diante da poeta e diante das súas xentes”.(p. 293). Citando os versos de *Cantares gallegos*, Lanciani insiste no tema da emigración, tanto a Castela (“Castellanos de Castilla...”), como a América (“Este vaise y aquel vaise...”), poemas que comenta moi sentidamente a estudosa italiana.

Anos despois de *Cantares gallegos*, Rosalía publica *Follas novas*^[20], e Lanciani acolle o cambio producido entre as dúas obras con estas explicacións: “il tono si fa sempre più lontano dalla primitiva ispirazione popolare, recando segni evidenti di una più diretta influenza della letteratura romantica europea; tuttavia la tristezza e le ossessioni che accompagnano Rosalia non hanno origine solo letterario: il male che già la mina, la notte che incombe sempre più vicina, le strappano accenti suggestivi ed intensi” (p. 297). Como proba e mostra deste cambio, María Teresa Lanciani cita os catro primeiros versos do poema popularmente coñecido como “Negra sombra”, os catro primeiros en galego, e despois completa os restantes na que, polo menos para a maior parte dos lectores do seu artigo no ano 1961, sería a primeira tradución ao italiano^[21]:

Quando penso che te ne sei andata
 mi appare nel sole stesso
 e sei la stella che brilla
 e sei il vento che gioca.
 Se cantano sei tu che canti
 se piangono sei tu che piangi
 e sei il mormorare del fiume
 sei la notte e sei l'aurora...
 Sei dovunque e sei tutto
 Per me e in me dimori
 e non mi lascerai
 ombra che mi fai paura.

[20] No texto hai un erro na data, pois lemos “1883”, na p. 297.

[21] Sen embargo, na realidade é anterior a tradución do poema en Castro 1958, p. 53, pero son dúas versións moi distintas.

Giovanna SCALIA, “I Cantares gallegos di Rosalía de Castro símbolo della poesia gaglienga”, en *Saggi di lingua e letteratura*, Anno Accadenico 1985-86, Napoli, Edizioni Scientifiche Italiane, 1986, pp. 141-166^[22].

Preséntase neste artigo unha excelente análise xeral de *Cantares gallegos*, cun pormenorizado e documentado repaso de diversos aspectos sobre a xestación da obra, a súa publicación, contidos, forma literaria, etc. Seguindo a lectura dos poemas, Scalia vai tratando os diversos temas: significación da obra, momento da publicación, orixe do libro, a súa relación co *Libro de los cantares* de Antonio de Trueba; intención inicial de publicar unha segunda parte; forma e contido dos poemas, a métrica; *Cantares* no cadro da poesía “costumista”; a lingua; o Prólogo; defensa de Galiza; a dedicatoria a Fernán Caballero; protesta social; análise do conxunto do libro; o cantar de apertura e o de remate; poemas de costumes; poemas de amor; poemas autobiográficos; comentario detallado de “Adiós ríos, adiós fontes”, “Airiños, airiños, aires”, “Castellana de Castilla” e “Castellanos de Castilla”, con precisións sobre o tema fundamental da emigración nos libros poéticos de Rosalía; as edicións segunda e terceira de *Cantares gallegos*.

Reproducimos o parágrafo que remata este estudo de Giovanna Scalia, un dos mellor documentados dos publicados en lingua italiana:

I *Cantares* possono realmente definirsi un alto esempio di poesia social, ma sono opera di una tale pienezza e profondità umana, di un tale vigore estetico, che è ben difficile poterli paragonare alla poesia sociale attuale, generalmente propagandistica e sistematica esposizione di una dottrina. I *Cantares* sono invece da considerare “espontanea e efusiva espressione dunha realidade: a comunión de Rosalía co seu pobo”, come ebbe ad affermare il prof. Ricardo Carballo Calero in occasione della celebrazione del centenario della pubblicazione del libro. Un’opera che travalica ben presto i confini della regione che l’ha ispirata, pur incorporandosi pienamente nella vita spirituale della sua gente, per divenire una delle più significative produzioni letterarie del XIX secolo, nella realizzazione perfettamente naturale della difficile sintesi di poesia e verità, di estetica e di ética (pp. 165-166).

Giovanna SCALIA, “Rosalía de Castro entre crítica social, rêverie poética y búsqueda de su identidad femenina”, *Annali della Facoltà di Lettere e Filosofia*. 3. *Studi Linguistici*. Vol. XXX, nuova serie XVI, 1992/1993.

Malia a data de publicación posterior que leva o artigo de Giovanna Scalia seguinte, que nós respectamos na ordenación do comentario, pensamos que moi probablemente este que consideramos agora sexa o último dos catro que a profesora da Universidade de Perugia dedicou á escritora galega. Escrito e publicado en estu-

[22] López – Pociña /1991), pp. 402-403.

pendo e correcto castelán, igual que o referente á presenza de Rosalía en Italia que presentara no Congreso do ano 1985, agora dá a impresión de que Scalia, disposta e abandonar os seus estudos rosalianos, trata de transmitir unha visión xeral da obra e do significado da escritora galega, sempre poñendo o acento e o interese naqueles aspectos que chaman máis a atención da propia estudosa italiana. En *Cantares gallegos*, obra estudada paso a paso no artigo comentado precedentemente, insiste por un lado na novidade da composición en galego, pero non menos na comunicación poética co pobo de Galiza, tan amado (“El contenido del libro de Rosalía presenta una originalidad inconfundible. Hay que destacar sobre todo el propósito de intención social de exaltar la vida y las costumbres del pueblo gallego, de dar a conocer la belleza de la lengua y la protesta contra la escasa consideración en que tenían a esta tierra los demás españoles”), a inmensa consideración na que Scalia ten *Cantares gallegos* é recoñecida de forma aberta e constante: “reflejan el espíritu del pueblo gallego como no lo hizo ningún escritor con anterioridad”.

O cambio de perspectiva que se pon de manifesto no conxunto dos libros de *Follas Novas* é analizado por Scalia dende o seu coñecemento exhaustivo das opinións contidas na abundante bibliografía sobre o asunto (“Aun que encierra notas de una sensibilidad inconfundiblemente femenina, la sustancia poética de *Follas Novas* quiere expresar los problemas esenciales del ser humano, que son los de todos los hombres y todos los tiempos”). Chega deste xeito ao libro poético derradeiro, *En las orillas del Sar*, que, como imos ver máis adiante, resulta ser o que chamou a atención sobre os demais á crítica italiana. Scalia subliña no poemario castelán un distinto enfoque persoal na poética rosaliana (“En éste, el análisis de la poetisa se convierte exclusivamente en introspectivo e investigador, líricamente reflexivo”).

Despois doutras consideracións sobre aspectos importantes na poesía de Rosalía, nos que salienta por exemplo a consideración social da situación da xente galega, con pechas tan duras e contundentes como a da emigración, Scalia trata a fondo a consideración de Rosalía como “una precursora de las escritoras ‘feministas’ de nuestro tiempo”. A protesta rosaliana en defensa das mulleres, manifesta nas súas obras poéticas, cobra especial atención, de maneira directa, nunha boa parte das súas obras en prosa, partindo do limiar de *La hija del mar* (1858), con manifestacións directas e de moito interese en *Flavio*, en *El caballero de las botas azules*, e de forma abertamente intencionada e programática no ensaio *Las literatas. Carta a Eduarda*.

Descoñecemos a difusión que puido ter este acertado achegamento a Rosalía e as súas obras, pero sospeitamos que non sería moito, publicado como está en castelán, e para colmo nos “Anales” dunha Facoltade, que non son precisamente o medio máis apropiado para unha difusión popular de coñecementos. Sinalamos isto con pesar, porque o traballo transmite unha idea estupenda sobre Rosalía e a súa escrita.

Giovanna SCALIA, “La poesía ‘metafísica’ di Rosalía de Castro: dalla passione della negazione alla risposta religiosa come *remedium doloris*”. En *Saggi in honore di Giovanni Allegra*, Perugia, 1995, pp. 527—573^[23].

No ano 1985, Giovanna Scalia asiste ao “Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo”, celebrado en Galiza, en Santiago de Compostela e outras poboacións, co motivo do centenario da morte da escritora, e alí entra en contacto a profesora italiana con moitas estudosas e estudosos da meirande figura da literatura galega, de quen xa tiña un profundo coñecemento con anterioridade. Sinalamos isto porque neste traballo que podemos ler, grazas a unha copia xenerosamente enviada pola autora, achamos un dos traballos máis amplamente e mellor documentados sobre as obras poéticas da nosa autora, especialmente sobre *Follas novas* e *En las orillas del Sar*, non só en italiano, senón en calquera lingua. Seguindo coa mesma profundidade de estudo que xa vimos a propósito de *Cantares gallegos* no seu artigo de 1986, Giovanna Scalia aborda, nun longo traballo de preto de cincuenta páxinas, sementado de notas extensas sempre moi interesantes, os problemas fundamentais que eran obxecto de investigación nas tres últimas décadas do século XX, e de modo especial nos anos que rodearon o Congreso de 1985.

Un traballo que aínda resulta imprescindible cuando escribimos estas páxinas, en novembro de 2023.

Assunta POLIZZI, “Traducción y recepción: Rosalía de Castro en Italia”, en AA. VV., *Poesía y traducción en el siglo XIX hispánico*, Berlin, Peter Lang, 2020, pp. 253-264.

Cando xa tiñamos rematado o artigo comprometido para a revista *Follas Novas*, un verdadeiro golpe de fortuna puxo nas nosas mans un traballo sobre o mesmo tema que o noso, publicado en data tan recente como a de 2020, pola profesora de Literatura Española da Universidade de Palermo Assunta Polizzi. Puidemos averiguar, a toda velocidade, para non retrasarnos pola nosa culpa a saída da revista rosaliana, que a profesora Polizzi, hispanista prestixiosa malia ser aínda moi nova, fixo a súa tese de doutoramento sobre “Il percorso metanarrativo nel realismo de Pérez Galdós”, tese que defendeu na Universidade de Bolonia no ano 1996, e pola que obtivo o Premio de Investigación Pérez Galdós 96, concedido pola Universidade de Gran Canaria. Ademais dese tema central, nos seus estudos ten numerosas publicacións sobre literatura española e hispanoamericana dos séculos XIX e XX, e traballos importantes sobre problemas da tradución da poesía. O estudo de Assunta Polizzi, cuxo tema fundamental son os relativos a tradución e recepción, vainos ofrecer datos moi interesantes sobre traballos comentados nas páxinas anteriores, e por riba de todo unha sorpresa inesperada. Pero imos por orde.

[23] Scalia (1995).

Partindo da reseña italiana chegada á casa da Matanza, segundo Murguía, o día da morte da poeta, sinala Polizzi: "...resulta extremadamente interesante que otra figura que aparece sea precisamente la de Rosalía de Castro, en un texto que es una reseña de *En las orillas del Sar* (1884) y, al mismo tiempo, que recoge probablemente la primera traducción parcial al italiano de su composición "A la luna", aunque en prosa. La primera referencia crítica a este texto se encuentra en el artículo que Ricardo Carballo Calero (1959) dedica al tema, recuperado, al cabo de algunas décadas, en el estudio de Giovanna Scalia" (1986) (p. 255).

Coa finalidade de ter datos precisos sobre o autor da reseña, que se presenta el mesmo tamén como o tradutor de "A la luna", aspecto que interesa sobre todo a Polizzi, a profesora de Palermo, seguindo unha hipótese de Áurea Fernández Rodríguez^[24], sostén que as descoñecidas iniciais do autor da reseña rosaliana poden corresponder ao marqués Paris Maria Salvago (1831-1899), un dos fundadores da revista *Rassegna Nazionale* onde apareceu a reseña, que tería algunha relación epistolar co marido de Rosalía, Manuel Murguía, o que explicaría que lle chegase ás mans o libro *En las orillas del Sar*, causa principal da reseña coa que correspondeu, facéndoa chegar ao domicilio de Rosalía e Murguía en Padrón. Salvago enfróntase á falta de traducións dos versos de Rosalía, e fai unha versión propia de parte dun poema de *Orillas*, ao italiano, pero faino en prosa, o que presupón unha manipulación discursiva, estudada con profundidade, sobre o texto rosaliano e a tradución italiana, por Assunta Polizzi, que conclue que "El proceso, por lo tanto, enseña el peligro de la manipulación discursiva, al desvanecerse la 'voz' lírica y su corporeidad en el resultado traductivo" (p. 259).

Pero ademais do gran interese que teñen tantos aspectos tocados ao longo de todo o traballo, a meirande sorpresa chega cando descubrimos que a profesora Assunta Polizzi se refire ao libro de Pilade Mazzei *Due anime dolenti: Bécquer e Rosalía* (1936), que cita directamente porque puido consultalo, indicando mesmo as páxinas dos fragmentos que cita. Daquela, como fixemos con anterioridade, copiamos o texto completo do seu comentario:

Pasando ahora al corpus de las traducciones en verso de la obra rosaliana, es necesario adentrarse en siglo XX, ya que, como ya he explicado al comienzo, será la generación de hispanistas italianos de los años cuarenta y cincuenta la que empezará a colmar las lagunas de la recepción de las obras de los poetas españoles del siglo XIX. A esos años, de hecho, remontan los estudios críticos también acerca de Rosalía de Castro con el pionero volumen del profesor Pilade Mazzei de 1936, que que sigue o contribuye a la línea del emparejamiento entre las dos figuras fundamentales del post-romanticismo español, *Due anime dolenti: Bécquer e Rosalía* (1936). El ensayo presenta y analiza,

[24] Fernández Rodríguez (1914).

con puntualidad y sensibilidad crítica, las personalidades y la producción de los dos intelectuales. Sin embargo, el texto también se acompaña de un aparato de composiciones líricas en traducción, de las *Rimas* de Bécquer y de *Follas novas* y *En las orillas del Sar* de Rosalía, puesto que -subraya el autor/traductor en la *Avvertenza* del paratexto- es patente la ausencia de los poetas en el panorama editorial italiano de la época, ya que “Di Bécquer, per esempio, è oggi possibile trovare un’edizione? ... Quanto poi a Rosalía, non è fare un torto a noi italiani se qualche volta non ne conosciamo neppure il nome, ciò che ha fatto sì che essa sia stata assai mal servita nell’ *Enciclopedia Treccani* ... Il suo nome manca sui libri che vanno per le mani di tutti ... Il mio tentativo di traduzione non vuole rimediare a nulla; vorrebbe, se mai, suscitare un po’ di curiosità per la lettura diretta, o per una traduzione migliore” (Mazzei, 1936, 9-10). En la parte dedicada a la poetisa gallega, a lo largo del recorrido biográfico y poético que se traza, es interesante notar una referencia justamente a la reseña de Salvago: “Una rivista italiana si augurava di veder tradotte le poesie di Rosalía nella nostra lingua” (Mazzei, 1936, 56). Este apartado se cierra con dos párrafos, uno de los cuales se centra en la composición “A la luna” en su forma original y completa, con un comentario que pretende considerarla como modélica respecto a una producción poética madura y peculiar: “Per sentiré in che cosa differisce la poesía dei grandi artista da quella dei versificatori, basta paragonare la poesía *A la luna* di Rosalía con quella d’identico titolo di N. Pastor Díaz, che pure figura tra le *cento migliori poesie della letteratura spagnola*, tutta intessuta su motivi falsamente sentimentali e vuoti. In quella di Rosalía invece troviamo le grandi virtù di Espronceda: l’unità serrata, il paesaggio lunare ampio e tacente, il beato naufragare dell’anima” (1936, 95). La obra de traducción de la selección de poemas enseña, en términos generales, un cuidadoso respeto del metro, un esfuerzo por mantener el registro lingüístico, así como el orden significativo de las palabras dentro del mismo verso y dentro del sistema estrofa, sin alterar, por ejemplo, la función coloquial o intensificadora de los encabalgamientos (Polizzi, pp. 269-260).

Para averiguar onde consultara Polizzi o libro de Pilade Mazzei, mandámoslle un correo electrónico á profesora de Palermo, seguindo un costume noso que nos ten resultado case sempre moi positivo. Cunha amabilidade inmensa, Assunta Polizzi contestounos en poucas horas, sinalando que o volume empregado é da súa propiedade, comprado nunha “tienda de viejo” de Asti (Valle de Aosta), e ofrecéndonos facer unha copia, para que poidamos estudalo, cando remate os traballos da fin de semestre. Daquela, volveremos sobre o libro tantas veces lembrado de Pilade Mazzei no número próximo de *Follas Novas*. Veremos a foto do libro que nos mandou Assunta foi emocionante! Moitas veces a investigación comporta satisfaccións como esta!

En 1958, a publicación das *Poesie scelte* de Rosalía por Mario Pinna proporciona, por fin, a Assunta Polizzi un material abundante, tanto de versos galegos de *Follas* como casteláns de *Orillas*, para os estudos de tradución e recepción que caracterizan

o seu artigo. Os resultados áchanse nas páxinas 260-262. Eis soamente algunhas atinadas conclusións da estudosa: “Por lo que se refiere a los elementos fonostilísticos en la traducción de la lírica, el traductor enseña un constante empeño en mantener el metro, dando menos importancia a la equivalencia de la rima. De hecho, esta elección parece conveniente, puesto que el sistema métrico rosaliano es un elemento original y connotativo de su escritura poética, la cual utiliza diferentes metros, prefiriendo en *En las orillas del Sar*, la alternancia en la misma composición de endecasílabos o alejandrinos y octasílabos o heptasílabos agudos, o incluso pentasílabos, con una preferencia por las dialefas respecto a las sinalefas” (p. 261).

As palabras coas que Assunta Polizzi remata o seu estupendo traballo poden conter un fermoso presaxio do futuro do rosalianismo en Italia: “Y la última edición de *Sulle rive del Sar* de 2012, con la traducción de Rosario Trovato, es una muestra más del constante intercambio cultural y sobre todo de la vigencia de la figura de Rosalía de Castro como referente de ese canon literario español desde la mirada italiana” (p. 264).

5. Un libro italiano case completo sobre Rosalía

Luigi FIORENTINO, *La protesta di Rosalía*, Milano, Mursia editore, 1979. No ano 1979 o profesor das Universidades de Siena e Trieste Luigi Fiorentino edita un libro case completo dedicado a Rosalía, e dicimos case porque o volume remata cun apéndice dedicado a “Valera e la sua Pepita”. Esta obra chama a atención dende o comezo, en primeiro lugar polo título, *La protesta di Rosalía*, referíndose á nosa poeta exclusivamente polo nome propio, como pensando Fiorentino, coñecido especialista en literatura española, que sería suficiente para indentificala, incluso na Italia de 1879; e en segundo lugar, porque a atención deste autor céntrase, máis do que era habitual nos estudos tradicionais, no aspecto social das obras de Rosalía, en dúas particularidades complementarias, “la protesta per il problema drammatico dell’emigrazione e la denuncia per la condizione della donna”.

O interesante libro de Fiorentino consta destes capítulos: 1. Linea della vita e opera poética. 2. Diagramma lirico. 3. La protesta. 4. Rosalía e Bécquer. 5. La métrica. Dende as primeiras páxinas chama a nosa atención a inmensa información bibliográfica, que poderíamos cualificar como exhaustiva para a data da publicación; o libro non contén unha bibliografía propia, pero o autor remite á da obra de Marina Mayoral, *La poesía de Rosalía de Castro* (1974), sempre manexada por el directamente. Fiorentino dedica unha sorprendente extensión á nenez e mocidade de Rosalía, e nesas páxinas, concordes con boa parte do que se publicaba polas décadas dos 60 e 70, hai datos fundamentais que xa non se admiten na actualidade; á autora e ao autor deste artigo resúltanos xa penoso ler as alusións ao comportamento supostamente moi negativo da nai de Rosalía coa súa filla cando nena, idea defendida

en libros importantes sobre a poeta, que tiñan por base erros cronolóxicos^[25]. Os cambios na información biográfica producidos nos últimos corenta anos fan que que hoxe resulte anticuada e superada unha información que, sen dúbida ningunha, era normal dabondo no tempo en que se publicou neste libro italiano.

No capítulo 2. Diagramma lirico atopamos unha interpretación persoal, sempre tendo en conta os poemas rosalianos, da poética da autora, chamando a atención polo que hai de común e o que hai de novo entre as coleccións de *Follas novas* e de *En las orillas del Sar*, as dúas que centran sobre todo o interese do autor italiano.

A continuación, seguen a ter especial importancia máis as consideracións de Fiorentino contidas no capítulo terceiro, o máis longo do conxunto e que dá precisamente título ao libro que comentamos, “La protesta” (pp. 39-61). O autor pensa que é preciso “meglio accentrare l’attenzione in un gran tema, la protesta sociale, che percorre tutta l’opera in verso e la prosa della poetessa gallega, Vero è che tale tema è stato studiato prima dalla Mayoral^[26] e poi, recentemente, da una giovane dominicana^[27], tuttavia ci sembra che si possa spigolare ulteriormente in quest’area e di poter aggiungere qualche considerazione” (p. 39).

Dous aspectos da protesta social rosaliana, os relativos á emigración e á situación da muller, son estudados por medio da poesía e das obras en prosa da autora. A emigración contemplada non é soamente a que ten por destino os países de América (Arxentina, Brasil, Cuba), senón tamén a “regioni meno povere della Spagna”, como Castela e Cataluña, as lamentábeis consecuencias dos que parten, e normalmente non volven, e das familias que restan rotas, aparecen analizadas de forma moi convincente. Pasa despois Fiorentino ao tema da muller: “Un più lungo discorso si dovrebbe fare per le prese di posizione di Rosalía in difesa della donna. Per le ragioni accennate altre volte, resteremo nell’essenziale” (p. 49). Comentando para este aspecto máis as obras en prosa de Rosalía, como *La hija del mar*, *Las literatas*, *El caballero de las botas azules*, lemos unha axeitada presentación da nosa escritora en aspectos tratados máis tarde polo feminismo. De todo esto saca Fiorentino as seguintes conclusións:

La considerazione rosaliana investe anche altri aspetti della società galaica, ma da quanto si è detto è già chiaro che accanto alla poetessa intimista che esprime le sue pene e quelle della sua gente c’è la poetessa sociale che non si stanca di lanciar dardi. I due aspetti talvolta coesistono; ma va rilevato che la poesia veramente caratterizzante, in Rosalía, è quella sociale. In quest’area essa si limita alla diagnosi, senza prescrivere

[25] Cf. López - Pociña (2021).

[26] Mayoral (1974)., pp. 251-267.

[27] Díaz (1976)..

terapie miracolose. Non poteva essere diversamente: pretendere che si attegiasse a sociólogo sarebbe un non senso (p. 58).

No capítulo 4, Fiorentino trata a relación entre Gustavo Adolfo Becquer e Rosalía, e comprende sulñar que o filólogo italiano é tamén autor dun libro moi interesante sobre o poeta sevillano, contemporáneo e coñecido da nosa escritora^[28]. Despois de analizar o ambiente literario que Rosalía e Bécquer viven en Madrid, Fiorentino sostén: “I rapporti letterari tra Rosalía e Bécquer non ci pare possano esser messi in discussione. Li avvicinarono le vicende della vita e le idee: tutt’e due vennero a trovarsi trapiantati a Madrid dalla quale si attendevano miracoli che non si potevano verificare, ebbero in comune la povertà, la salute cagionevole, l’incomprensione, le delusioni amorose...” (p. 66 s.). As semellanzas temáticas de Rosalía con Bécquer áchanse sobre todo nas poesías de *En las orillas del Sar*. Mais despois de acenar ás relacións de dependencia, o estudoso italiano chama a atención sobre as diferenzas das poesías da galega e do sevillano.

Por último, no capítulo dedicado á métrica, Fiorentino fai un rápido repaso das innovacións métricas e rítmicas adoptadas por Rosalía, que fan dela, como subliñou Azorín en 1914, “la precursora de la revolución realizada en la métrica y en la ideología”, xa antes de Rubén Darío e o seu grupo, que desenvolveron a obra comezada por Rosalía, texto co que remata Luigi Fiorentino a súa consideración sobre as achegas poéticas da nosa autora.

6. Edicións e traducións de Rosalía ao italiano

Non son numerosos os libros dedicados á poesía de Rosalía con tradución italiana, e non hai ningún, que saibamos nós, a calquera das súas obras en prosa. Coñecemos tres volumes diferentes, un xa de hai moitos anos, as *Poesie scelte* seleccionadas e coidadas por Mario Pinna (1958), e dous recentes, ambos con versos exclusivamente de *En las orillas del Sar*, de 2012 e 2022, que nos fan pensar que a nosa poeta segue a suscitar algunha atención e interese en Italia ata o mesmo ano en que escribimos estas páxinas. Eis unha breve presentación destas tres importantes colaboracións á historia internacional do rosalianismo.

Rosalía de Castro, *Poesías selectas*. *Poesie scelte*, A cura di Mario Pinna, Firenze, Casa Editrice Sansoni, Edizioni Fussi, 1958.

Esta é a única antoloxía bilingüe publicada en Italia que contén poemas de *Follas novas*, que xunto aos de *En las orillas del Sar*, foron os dous poemarios de Rosalía comentados polo profesor Pinna no seu excelente artigo sobre os motivos da lírica de

[28] Fiorentino 1972.

Rosalía do que xa falamos máis arriba, datado un ano antes desta antoloxía. A escolma leva unha “Introduzione” moi orixinal, diferente das habituais, consistente nunha visión panorámica de temas das poesías rosalianas, escrita en italiano con continuas palabras e frases das dúas obras de Rosalía, nas linguas orixinais, que converten o texto nunha verdadeira ledicia para quen teña coñecemento da poesía rosaliana; non temos datos para saber da difusión que puido ter este libro, pero sospeitamos que a introdución que comentamos non fose moi asequible aos lectores italianos dos anos en que foi publicado o libro.

A escolma de poemas de *Follas novas* consta dos quince poemas seguintes, que citamos tal como aparecen editados: “Diredes d’estes versos, y é verdade”, “¡Follas novas!, risa dame”, “¿Qué pasa arredor de min?”, “Unha vez tiven un cravo”, “Co seu xordo e costante mormorio”, “¡Cal as nubes no espazo sen límites”, *Na Catedral, O toque d’alba*, “¡Mar! c’as tuas augas sin fondo”, “Cando penso que te fuxes”, “Lévame a aquela fonte cristaiña”, *Lua descolorida*, “Caba lixeiro, caba”, *Tristes recordos, As Torres d’Oeste*.

Damos a versión italiana de Mario Pinna do poema vulgarmente coñecido como “Negra sombra”, por se alguén quere comparala coa que xa vimos anteriormente no noso resumo do artigo de Maria Teresa Lanciani:

Quando penso che tu fuggi.
nera sombra che mi spauri,
accanto al mio capezzale
ritorni e ti metti a schernirmi.

Quando immagino che sei partita
nel sole stesso m’appari
e sei la stella che brilla
e sei il vento che soffia.

Se cantano, sei tu che canti;
se piangono, sei tu che piangi,
e sei il murmure del fiume
e sei la notte e sei l’aurora.

Dovunque stai e sei tutto,
per me e in me stessa dimori,
né mi abbandonerai mai,
ombra che sempre m’impauri.

A escolma de poemas de *En las orillas del Sar* por Pinna consta dos dezaoito poemas seguintes: “¡Cuan hermosa es tu vega! ¡Oh Padrón! ¡Oh Iria Flavia”, “Ya que la esperanza para la vida mía”, “Los unos, altísimos”, “Un manso río, una vereda estrecha”, “Detente un punto, pensamiento inquieto”, “Alma que vas huyendo de ti misma”,

“Cuando recuerdo del ancho bosque”, “Ya siente que te extingues en su seno”, “Como a impulsos de lenta”, “Camino blanco, viejo camino”, “Muda la luna y, como siempre, pálida”, “Su ciega y loca fantasía corrió arrastrada por el vértigo”, “Cuando todos los velos se han descornado”, “En el alma llevaba un pensamento”, “De la vida entre el múltiple conjunto de los seres”, “De repente los ecos divinos”, “Si al festín de los dioses llegas tarde”, “Hora tras hora, día tras día”.

A Bibliografía (pp. 129-131), moi completa, presta especial atención ás diversas edicións das obras de Rosalía, dende as *principes* ata as *Obras completas* de Aguilar (1944). Vemos o interese de Pinna polas edicións na aclaración que fai ao texto dos poemas de *Follas novas* que edita, onde sinala que empregou a primeira edición, de 1880, “curata dalla autrice”, pero corrixindo as grafías do galego de modo moi axeitado á actualidade. Como curiosidade, a Bibliografía contén o libro perdido de Pilade Mazzei, do que vimos máis arriba a referencia de Carballo Calero, pero non hai modo de averiguar se Pinna puido ler o libro practicamente desaparecido.

Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar* Roma, Signorelli, 1966.

Temos neste volume, que non nos foi posible ver, non unha edición feita in Italia nin tampouco unha tradución de *Orillas* ao italiano, senón unha edición na lingua orixinal, preparada por filólogos italianos e publicada en Roma pola prestixiosa editorial Signorelli. Copiamos a presentación e comentario que ofrece Assunta Polizzi^[29]

Finalmente, dentro del proceso de recepción de la obra de Rosalía de Castro en la cultura italiana del siglo XX, es de recordar una edición totalmente en español, en el texto y en paratexto, de *En las orillas del Sar*, a cargo de Vincenzo Josia para la serie “Colección de autores españoles” dirigida por Leonida Biancolini en 1966. Ambos son profesores hispanistas muy activos en la enseñanza y en la divulgación editorial de obras españolas a través también de ensayos de crítica. Se trata de una edición escolar destinada a alumnos italianos de lengua española, puesto que, a partir de la segunda mitad de la década de los treinta, la “hermandad” política y cultural entre España e Italia había determinado la inclusión del estudio de la lengua y de la literatura española en los programas ministeriales italianos. Resulta interesante que en la parte final del Prefacio, Biancolini apunte al retraso con que la figura y la obra de Rosalía llegan a Italia: “Rosalía de Castro fue sacada a la notoriedad en estos últimos años reconociéndosele por fin a su obra los altos méritos que poseía. La labor de Rosalía –de la que se transparenta sobre todo una infinita bondad- está impregnada de la melancolía y tristeza profundas que que acercan a su autora al grande Bécquer y a nuestro sublime Leopardi” (1966 V) (Polizzi, p. 263)

[29] Polizzi (2020=.

Rosalía de Castro, *Le rive del Sar*, A cura di Rosario Trovato, Catania, Bonanno Editore, 2012.

Con este libro tivemos unha fermosa anécdota que queremos contar en poucas palabras. Tiñamos un problema total para conseguir o volume, e, obtendo o enderezo electrónico do editor literario, dirixímonos a Rosario Trovato en demanda de axuda. A nosa petición chegou nuns días moi penosos para o profesor Trovato, xustamente aqueles nos que falecía a súa dona; sen embargo, a xenerosidade do profesor de español de Catania é tan grande que non deixou de enviarnos axiña unha copia fotográfica completa do volume, a falta dun orixinal da obra, xa esgotada. Unha vez máis, queremos sinalar a nosa fortuna, agora e sempre, nas relacións cos colegas^[30],

Sen querer deixarmos arrastrar pola amizade que xa nos une agora ao profesor Trovato, podemos dicir abertamente que estamos diante dunha antoloxía bilingüe de sesenta poemas de *En las orillas del Ser* que debería ser reeditada, porque ten valores moi destacados para servir de medio de coñecemento da poesía rosaliana en Italia. Para comezar, a “Nota introduttiva” (pp. 5-31) resulta sorprendente, ademais da abundante información que contén, pola forza coa que Rosario Trovato, sen dúbida ningunha fascinado pola obra de Rosalía, defende consideracións fundamentais de forma rotunda. Eis algúns exemplos:

Ma il principale merito di *Follas novas* consiste principalmente nella spontaneità, nella fluidità e nell'eleganza con cui Rosalía riesce a esprimersi, e a conseguire un'alta realizzazione artistica, il cui fondamentale apporto sancisce definitivamente l'uso letterario del gagliengo decretando così il totale rinnovamento della lingua e della letteratura gagliega, che da quel momento in poi potrà affermare la propria identità non solo linguistica ma anche culturale e sociale (p.11 s.).

.....

Tuttavia queste mie personali considerazioni non sono sufficienti per poter stabilire fino a che punto furono gravi le incomprensioni e i dissapori coniugali visto che, tutto sommato, Rosalia mantenne la relazione matrimoniale, seppure con scossoni, intermitenze e amarezza, per tutta la vita (p. 16).

.....

Rosalía de Castro, questa grande e solitaria poetessa, certamente la più grande della

[30] Nun correo electrónico do pasado día 21-X-23, o noso grande amigo e colega da Universidade de Granada, o poeta Antonio Carvajal, dínos que Rosario Trovato lle remitira o noso correo solicitando axuda, e que chegara ás súas mans o día 16, no que precisamente morrera a súa dona; a intención era que Carvajal nos informase sobre a súa persoa, e agora sabemos, entre outras cousas, que Trovato foi catedrático de Lingua e Literatura Españolas da Univ. de Catania (1970-2014), autor de libros de lingua española e dun ensaio sobre tradución (*Sbagliando s'impura*), e numerosísimas reseñas, estudos e traducións de máis de vinte autoras e autores españois e hispano-americanos, cuxos nomes nos enumera Antonio Carvajal.

letteratura spagnola, resterà per lungo tempo incompresa e ignorata finché la fine sensibilità di Azorín, e quella più appassionata e tormentata di Unamuno, non ne scopriranno e segnaleranno il grande valore artistico e letterario (p. 17).

.....

Se quella di Bécquer é una poesia raffinata, delicata, intimista, dal tono sommesso e dalle tinte smorzate ... quella di Rosalia, anche se meno perfetta nella forma, é più vigorosa, più istintiva e immediata, più intensa e innovativa non solo per il suo profondo, doloroso e angosciato pensiero, ma anche per la spiccata originalità metrica (p. 20 s.).

.....

Per il suo apporto alla cultura gallega, ma soprattutto per avere risvegliato e sensibilizzato la coscienza sociale riguardo alla condizione della donna, Rosalia deve essere considerata la precorritrice del femminismo spagnolo (p. 29).

A “Nota bibliográfica” resulta tamén exemplar: Rosario Trovato é consciente de que das obras de Rosalía debe interesarse polas edicións de *En las orillas del Sar*, e recolle seis edicións, dende a primeira de 1884 á de Marina Mayoral (1986)^[31], da que nos “Criterios de edición” indica que foi a empregada por el, por considerala “la più affidabile” de todas elas (p. 39). Subliñamos nós que Trovato cita os principais traballos sobre Rosalía e a muller (Matilde Albert Robatto, Nidia Díaz, Marina Mayoral, Teresa Pàmies), aspecto sobre o que as súas opinións resultan moi plausíbeis.

O profesor da Universidade de Catania ten unha longa experiencia en traducións de escritores e escritoras de lingua española, como Góngora, Lope de Vega, Bécquer, Unamuno, Ana Rosetti, Antonio Carvajal, Octavio Paz, Elena Martín Vivaldi), a mestría das súas versións fica ben exemplificada neste libro que comentamos, e damos como mostra a do poema “A través del follaje perenne”:

Attraverso il fogliame perenne
che lascia udire strani rumori,
e tra un mare di ondosa verdura
degli uccelli amorosa dimora,
dalle mie finestre vedo
il tempio che ho amato tanto.

Il tempio che tanto amai...
ora non so più dire se l'amo
che nel brusco viavai i miei pensieri

[31] Castro (1990).

si agitano senza posa
 dubito se il cocente astio
 mi viva in petto assieme all'amore.

Rosario Trovato é tradutor de obras en español, pero curiosamente tamén coñecemos dúas traducións súas dos dous poemas máis famosos de *Follas novas*. O poema “Unha vez tiven un cravo” achámolo, en galego e en italiano, na introdución do libro *Le rive del Sar* (“Avevo una volta un chiodo / conficcato nel mio cuore / e non mi ricordo s'era quel chiodo / d'oro, di ferro o d'amore...”, p. 27). A versión da “Negra sombra” énos coñecida porque a comezos do ano 2022, o Instituto Cervantes de Milán, proxectando unha xuntanza sobre Rosalía, escribiulle a Trovato á procura de versións italianas de poemas da autora, e o profesor de Catania, nun correo do día 11 de febreiro de 2022 respondeu xenerosamente con esta versión:

Quando penso che vai via,
 nera sombra che m'aterrisci,
 al mio capezzale torni
 e di nuovo mi deridi.

Se ti credo già partita
 nel sole stesso m'appari,
 e sei la stella che brilla
 e sei il vento che soffia.

Se cantano, è che tu canti,
 se piangono, è che tu piangi;
 sei del fiume il mormorio,
 sei la notte e sei l'aurora.

Stai ovunque e tutto sei,
 tu per me e in me stessa vivi,
 né giammai mi lascerai,
 nera ombra che m'aterrisci.

Rosalía de Castro, *Sulle rive del Sar*, Traduzione e cura di Diego Símini, Neviano, Musicaos Editore, 2022.

O último libro italiano sobre Rosalía publicado deica agora consiste nunha edición bilingüe, absolutamente completa, dos versos de *En las orillas del Sar*, pois comprende a totalidade das composicións da edición de 1884, pero recolle en apéndice tamén os once poemas engadidos na segunda edición da obra, feita por Manuel Murguía no ano 1909^[32]. O autor, sobre o que non temos datos, inclúe na Biblio-

[32] Castro (1909).

grafía dúas edicións modernas da obra rosaliana que el edita e traduce, a de Xesús Alonso Montero^[33] e a de Marina Mayoral^[34]; na detallada nota na que explica o texto empregado, indica que segue a de Alonso Montero, tendo en conta a súa última edición, do ano 2019.

O volume principia cunha non longa introdución, titulada “Rosalía de Castro, una voce poetica misconosciuta” (pp. 13-20), onde Diego Símini, que amosa a forte inclinación pola poesía rosaliana que estamos afeitos a ver nos autores italianos que escriben sobre ela, toca os temas do emprego fundamental do galego en *Cantares*, a relación con Bécquer (*Perciò la Castro sempre insieme a Bécquer, è da considerarsi una voce che anticipa gli sviluppi della scrittura poetica degli ultimi decenni del XIX secolo e dell'inizio del XX*, p. 15), a relación afectiva con Murguía (*è ragionevole supporre che vi siano state difficoltà, come in molti rapporti di coppia, ma che la presenza di Manuel abbia contribuito a far diventare Rosalía una grande poetessa*, p.16), o tratamento dos motivos rosalianos da morte, do amor, da emigración (*Lo sguardo della Castro è sempre dolente ... Ma questo pesimismo e questa desolazione sono il motore di una ricchezza espressiva veramente pregevole, che talvolta toccano vette ammirevoli*, p.19). Cremos que resulta fermoso rematar as consideracións do editor e tradutor italiano coas súas propias palabras:

In conclusione, possiamo sottolineare la grande importanza della poesia di Rosalía nel panorama non solo spagnolo. *Sulle rive del Sar* raccoglie le esperienze creative della poetessa, riversate nella lingua che, dopo *Follas novas*, considerava la lingua espressiva, la lingua con cui esprimere la sua essenza di donna, di madre, con cui comunicare sia le sue angosce sia l'amore per le persone care e per la sua amata Galizia (p.10).

A Bibliografía contén as primeiras edicións das diferentes obras de Rosalía, e complétase cunha moi breve bibliografía crítica, na que curiosamente volve incluírse o libro “perdido” de Pilade Mazzei, pero no que, por primeira vez, achamos o que parece ser o seu editor milanés, Gamba, que nos crea unha posible nova pista de investigación sobre o curioso libro.

Como mostra de tradución, presentamos a do poema 1, “A través del follaje perenne”, como fixemos no caso da edición de Rosario Trovato, por se alguén desexa comparar as dúas versións italianas:

Attraverso il fogliame perenne
 ehe fa udire rumori inusuali
 e nel mar d'ondulante verdura,

[33] Castro (1985). Símini emprega a edición 13, de 2019.

[34] Castro (1986). Símini emprega a edición “riveduta e aggiornata” de 2019.

accogliente dimora d'uccelli,
dalla mia finestra vedo
il tempio che ho tanto amato.

Il tempio che ho amato tanto,
non so dire se più l'amo ancora,
che nel aspro incessante vaevieni
in cui s'agitano i miei pensieri,
temo che il freddo rancore
viva insieme all'amor nel mio petto.

BIBLIOGRAFÍA

- Carballo Calero, Ricardo (1959), "Rosalía en Italia. Un texto crítico de 1885", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 14, pp. 349-353.
- Carballo Calero, Ricardo (1979), *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*, Vigo, Editorial Galaxia.
- Casro, Rosalía de (1909), *Obras completas de Rosalía de Castro. I En las orillas del Sar*. Prólogo de Manuel Murguía, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando.
- Castro de Murguía, Rosalía (1928). *Ruinas*. Novela de Rosalía Castro de Murguía, Publicada con un Prólogo de Armando Cotarelo Valledor, La Coruña, Imprenta Moret.
- Castro, Rosalía de (1944), *Obras completas*, Recopilación, prólogo y notas de V. García Martí. Madrid, M. Aguilar editor.
- Castro, Rosalía de (1958), *Poesías selectas. Poesie scelte*, A cura di Mario Pinna, Firenze, Casa Editrice Sansoni, Edizioni Fussi,

- Castro, Rosalía de (1966), *En las orillas del Sar*, Roma, Signorelli.
- Castro, Rosalía de (1985), *En las orillas del Sar*, Madrid, Ediciones Cátedra.
- Castro, Rosalía de (1986), *En las orillas del Sar*, Edición, introducción y notas de Marina Mayoral, Madrid, Editorial Castalia.
- Castro, Rosalía de (2012), *Le rive del Sar*, A cura di Rosario Trovato, Catania, Bonanno Editore.
- Castro, Rosalía de (2022), *Sulle rive del Sar*, Traduzione e cura di Diego Símini, Neviano, Musicaos Editore.
- Cortina, Augusto (1930), “Rosalía Castro de Murguía”, *Humanidades* 21, pp. 161-194.
- Díaz, Nidia A. (1976), *La protesta social en la obra de Rosalía de Castro*. Vigo, Galaxia.
- Fernández Rodríguez, Áurea (2014), “Rosalía de Castro y la traducción. Un análisis del papel de su obra en la evolución de la literatura española”, *Transfer* vol IX, núm. 1-2, pp. 1-17.
- Fiorentino, Luigi (1972), *Il balcone e le rondini: Bécquer nella vita e nella poesia*, Siena, Maia.
- Fiorentino, Luigi (1979), *La protesta di Rosalía*, Milano, Mursia editore.
- Lanciani, Maria Teresa (1961), “L'ombra nera di Rosalía de Castro”, *Il Contemporaneo* xullo 1961, pp. 288-300.
- López, Aurora . Pociña, Andrés (1991), *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1937-1990)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- López, Aurora - Pociña, Andrés (1993), *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990). Volumen III (1985-1990)*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- López, Aurora - Pociña, Andrés (2018), “A recepción de Rosalía en Portugal”, *Follas Novas* 3, pp. 202-217..
- López, Aurora - Pociña, Andrés (2021), “Reivindicación de dona Teresa de Castro, nai moi Querida por Rosalía”, *Follas Novas* 6, pp. 120-131.

- López, Aurora – Pociña, Andrés – Pociña López, Andrés .J. (2022), *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía críticas. Volumen IV (1991-2000)*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro.
- Mayoral, Marina (1974), *La poesía de Rosalía de Castro*, Madrid, Gredos.
- Mazzei, Pilade (1936), *Due anime dolenti: Bécquer e Rosalía*, Milano (libro perdido).
- Mazzei, Pilade (1936 bis), *Due anime dolenti: Bécquer e Rosalía*, Milano, Quaderni di Poesia.
- Pinna, Mario (1857) “Motivi della lirica di Rosalía de Castro”. *Quaderni Ibero-americi* 3, pp. 321-332.
- Polizzi, Assunta (2020), “Traducción y recepción; Rosalía de Castro en Italia”, en J. M. Goñi Pérez – R. de la Fuente Ballesteros (eds.), *Poesía y traducción en el siglo XIX hispánico*, Berlin, Peter Lang, pp.253.265.
- Scalia, Giovanna (1986), “La presencia de Rosalía de Castro en la crítica italiana”, *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Universidade, 1986, vol. III, pp. 283-291.
- Scalia, Giovanna (1986 bis), “I *Cantares gallegos* di Rosalía de Castro símbolo della poesía galega”, en *Saggi di lingua e letteratura*, Anno Accademico 1985-86, Napoli, Edizioni Scientifiche Italiane, 1986, pp. 141-166.
- Scalia, Giovanna (1992/1993), “Rosalía de Castro entre crítica social, rêverie poética y búsqueda de su identidad femenina”, *Annali della Facoltà di Lettere e Filosofia. 3. Studi Linguistici*. Vol. XXX, nuova serie XVI..
- Scalia, Giovanna (1995), “La poesía ‘metafísica’ di Rosalía de Castro: dalla passione della negazione alla risposta religiosa come *remedium doloris*”. En *Saggi in honore di Giovanni Allegra* a cura di Paolo Caucci von Saucker, Perugia, Università degli Studi di Perugia, pp. 527-573.
- Tentori, Francesco (1953), “Rosalía de Castro. Ricordi di Santiago”, *La Fiera Letteraria*, 15-XI-1953.

Publicamos este oitavo número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Ribeira



Concello
de Ribeira



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO